



Guide My W@y! Cara un marco metodolóxico común para a euro-orientación da carreira da mocidade na mobilidade internacional

Miguel Ángel Nogueira Pérez, Cristina Ceinos Sanz
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

Neste traballo, recóllese un avance de resultados do Proxecto Erasmus+ Guide My W@y!, que ten como principal finalidade a configuración dunha metodoloxía común e válida para os orientadores/as da carreira europeos no desenvolvemento de tarefas de orientación á mocidade para a mobilidade internacional. Concretamente, achéganse resultados sobre a xestión do perfil para a mobilidade da mocidade realizada polos orientadores enquisados dos diferentes países europeos participantes. O obxectivo é coñecer a forma de proceder na súa elaboración e analizar as necesidades manifestadas, coa intención de discutir e axustar modelos europeos como o da Axencia Federal de Emprego de Alemaña (BeKo).

Palabras clave: orientación da carreira, mobilidade internacional, euro-orientación, mocidade.

A actual situación en moitos dos países da Unión Europea caracterízase, entre outros aspectos, pola existencia dunha consistente crise económica, prolongada no tempo, o que supón a existencia de elevadas taxas de desemprego, que afectan especialmente ao colectivo da xuventude, non debendo obviar que este grupo poboacional constitúe un dos piares fundamentais do futuro de cada un dos Estados membros en particular, e de Europa en xeral. De forma complementaria, as políticas e estratexias de emprego desenvoltas pola Unión Europea (Parlamento Europeo y Consejo de la Unión Europea, 2006) nestes últimos anos téñense orientado cara a consecución dunha poboación activa, cualificada e apta para a mobilidade e a libre circulación entre os diferentes Estados da Unión. Así mesmo, nas últimas décadas, as organizacións empresariais e profesionais recorreron a situacións laborais ben diferentes ás épocas de prosperidade económica, o que se traduciu en contratacións temporais, novas formas de contratación e emprego máis precarios, despedimentos, etc., afectando de especial maneira á xuventude e aos traballadores de maior idade. A esta situación, deben engadirse, tamén, os aspectos que caracterizan hoxe en día o proceso de inserción profesional da xuventude, o cal se produce cada vez de forma máis tardía e véndose dificultado por períodos de traballo breves e en alternancia con situacións de desemprego e emprego laboral precario ou viceversa (Eme, 2006).

Nun panorama como o descrito con anterioridade, as accións de mobilidade académica e profesional toman relevancia e xeran necesidades de estudo, formación, intercambio cultural e social, postulándose como favorecedoras da inserción profesional da xuventude europea nun contexto máis amplo de libre circulación de traballadores no marco da Unión Europea (Sobrado, Couce & Vázquez Bargiela, 2010), ao tempo que se require duns Servizos de Orientación axeitados e profesionais cualificados.

Neste contexto, no ano 2014, púxose en marcha o Proxecto de Investigación *Guide My W@y!*, deseñado a partir da base doutras experiencias investigadoras previas no ámbito da mobilidade xuvenil como, por exemplo, EMAT –European Migrant Advisor Toolkit– (2011-2014); NICE –Network for Innovation in Career Guidance & Counselling in Europe– (2009-2012); MEVOC –Quality Manual for Education Counselling– (2003-2006) e BD-BG –Brain Drain-Brain Gain– (2007-2009).

O proxecto de investigación Guide My W@y!

O proxecto toma como referente a diversidade de conceptos e metodoloxías existentes nos diferentes países socios no que ao asesoramento se refire por parte do colectivo de profesionais da orientación, coa finalidade básica de integrar, na medida do posible, a multiplicidade de enfoques para a formulación dun concepto ou modelo europeo de orientación e asesoramento da carreira dirixido á práctica. Para favorecer o seu desenvolvemento e posta en práctica, recórrese a diversos e variados recursos a empregar en posteriores etapas que abarcan o período que comprende dende setembro de 2014 a agosto de 2016.

Obxectivos

Procúrase indagar e analizar as necesidades requiridas por parte do colectivo de profesionais da orientación que tratan coa mobilidade internacional xuvenil, coa finalidade de deseñar contidos e procesos para a auto-aprendizaxe de carácter interactivo que axuden a mellorar a súa cualificación. De forma máis específica, defínense os seguintes obxectivos:

- Formular un Concepto Europeo de Orientación da Carreira (CEOC).
- Deseñar e desenvolver un portal interactivo de e-Aprendizaxe para orientadores/as.

- Realizar accións de formación avanzada a través do e-Ensino e o e-Asesoramento cos orientadores/as europeos.

Destinatarios

Os obxectivos e accións do proxecto teñen destinatarios directos e indirectos. Un grupo directo constitúeno os orientadores EURES e outros euro-orientadores, por ser os profesionais que habitualmente proporcionan servizos de orientación para a mobilidade internacional; mentres que tamén conforman un grupo directo os formadores encargados de desenvolver as competencias do CEOC nos orientadores. Estes formadores serán tamén orientadores EURES e euro-orientadores que dominen na práctica o CEOC. Pola contra, o grupo indirecto compóñeno a xuventude en busca de emprego dentro do ámbito da mobilidade internacional.

Institucións participantes

A estrutura do proxecto componse de sete socios europeos pertencentes a cinco países membros da Unión Europea:

- University of Applied Labour Studies of the Federal Employment Agency (HdBA), Mannheim (Alemaña) (Coordinadores do proxecto).
- Masaryk University, Brno (República Checa).
- Rede EURES da República Checa.
- Kaunas University of Technology (Lituania).
- Wojewodzki Urzad Pracy w Katowicach (Polonia).
- Universidade de Santiago de Compostela (España).
- Rede EURES, Vigo, Galicia (España).

Deseño do Concepto Europeo de Orientación da Carreira (CEOC)

O desenvolvemento do CEOC comprende a definición do contido do construto e a súa estrutura metodolóxica. En canto ao contido do CEOC, realizouse unha análise exhaustiva dos enfoques actuais en termos de conceptos de asesoramento e orientación, desenvoltos polos orientadores/as dos países socios especializados en orientación profesional internacional, tendo

especialmente como referente o concepto de asesoramento da Axencia Federal de Emprego de Alemaña (BeKo-Beratungskonzeption- ver Figura 1).

Os módulos de contidos froito do proceso de discusión entre os expertos dos países socios foron os seguintes:

- A elección e orientación da carreira.
- O perfil operativo para a mobilidade internacional dos usuarios dos servizos de orientación.
- O recoñecemento de certificacións.
- Os marcos legais.
- A mobilidade intercultural.
- A colocación laboral, educativa e profesional.

Por outra banda, e tendo como base o contido definido con anterioridade, realizouse unha análise inicial das necesidades dos orientadores en termos de enfoques metodolóxicos para a orientación profesional e a mobilidade internacional da xuventude, levada a cabo mediante un proceso multinivel no que se incluíron diversas actividades, concretadas no desenvolvemento e aplicación dunha enquisa a orientadores/as (EURES e euro-orientadores) e a análise dos seus resultados en seminarios virtuais con participación dos membros do proxecto (expertos universitarios e profesionais da orientación en exercicio).

Método

No presente traballo recóllese a síntese de resultados dun estudo cuantitativo e cualitativo baseado na aplicación dunha enquisa sobre os enfoques metodolóxicos para a orientación profesional e a mobilidade internacional da xuventude, desenvoltos polos orientadores/as dos países socios do proxecto, co fin de analizar as súas necesidades. Concretamente, faise referencia a análise do módulo relacionado co *perfil operativo para a mobilidade internacional*, encomendada á Universidade de Santiago de Compostela.

Participantes

A mostra de orientadores/as foi seleccionada dun xeito intencional por parte das institucións participantes no proxecto, conseguíndose a participación dun total de 177 orientadores/as pertencentes á Rede EURES e outros profesionais que desempeñaban tarefas de euro-orientación. Na táboa 1, pódese ver a concreción da participación segundo o país de referencia.

Táboa 1. Número de orientadores/as participantes por país

País	Orientadores
Alemaña	24
España	23
Polonia	74
República Checa	56



Figura 1. Proceso de Orientación Profesional nos Servizos de Emprego de Alemaña. Fonte: Adaptado de Rübner & Sprengard (2011).

Na Figura 2, achégase o grado de experiencia en orientación internacional dos orientadores/as participantes.




Figura 2. Grado de experiencia en orientación internacional dos orientadores/as participantes. Fonte: Elaboración propia.

Instrumento de recollida de información

A recollida de información realizouse por medio dunha enquisa, empregando como instrumento un cuestionario con ítems de resposta aberta e pechada. O seu deseño foi realizado e validado polos membros expertos do proxecto, e a partir do contido consensuado sobre o CEOC, estruturándose, pois, en función dos diferentes módulos de contidos establecidos (seis), entre os que se atopa o tópico aquí analizado, denominado concretamente no instrumento, *metodoloxía para a elaboración do perfil no ámbito da orientación para a mobilidade internacional da xuventude*. Tamén se recollía no cuestionario un bloque inicial indagando sobre a experiencia dos enquisados na orientación internacional, así como outro bloque final sobre as súas experiencias previas de orientación virtual neste ámbito.

O tópico aquí tratado contaba con 4 ítems; un de resposta pechada e tres de resposta aberta:

- O primeiro ítem, de resposta pechada, requiría información sobre a frecuencia de uso (raramente, a veces ou frecuentemente) de diferentes recursos empregados na xestión do citado perfil (carta de presentación, CV, entrevistas, tests, e outros recursos).
- O segundo ítem, de resposta aberta, preguntaba o parecer dos orientadores sobre os aspectos clave a ter en conta na elaboración do perfil da mocidade.
- O terceiro ítem, de resposta aberta, requiría a opinión dos orientadores/as acerca de cales crían que eran os principais recursos de información relacionados cos aspectos clave na elaboración do perfil.
- Finalmente, recóllese un cuarto ítem de resposta aberta para que os orientadores/as puidieran engadir calquera outro comentario sobre as cuestións do tópico enquisado.

Procedemento

Os cuestionarios foron dixitalizados (formulario cumprimentable) e distribuídos vía e-mail a partir do contacto coas coordinacións das Redes EURES e outros servizos de orientación nos países participantes (cámaras de comercio, oficinas de emprego, centros educativos e universidades). Logo dun prazo razoable (en torno a un mes), as respostas foron recibidas directamente polos equipos de investigación en cada país para o posterior tratamento dos datos. Dito tratamento consistiu nunha análise descritiva (porcentaxes de resposta) dos ítems de resposta pechada e a análise de contido das respostas nos ítems abertos en cada bloque de contidos. Nesta última análise, tratáronse de identificar as categorías máis comúns manexadas polos orientadores/a nas súas respostas. En canto ao módulo aquí presentado (elaboración do perfil), a análise descritiva correspondeulle ao ítem 1, e a análise de contido aos tres ítems restantes, con especial atención ao número 2 (cuestións clave a ter en conta na elaboración do perfil).

Resultados

En canto ás respostas relacionadas co ítem 1, referido á frecuencia de uso dos diferentes recursos empregados na elaboración do perfil dos usuarios dos servizos de orientación para a mobilidade, nas Táboas 2, 3, 4, 5 e 6 preséntase a síntese comparativa dos diferentes países para cada caso.

Táboa 2.

Frecuencia de uso da carta de presentación na elaboración do perfil (%)

	Raramente	Ás veces	Frecuentemente	Non responde
Alemania	12.50	25.00	25.00	37.50
España	8.70	8.70	69.57	13.04
Polonia	27.03	12.16	28.38	32.43
República Checa	39.29	30.36	8.93	21.43

Como se pode apreciar na táboa anterior, o uso da carta da presentación na elaboración do perfil destaca de especial maneira en España (usado por case un 70% dos orientadores/as), cando nos demais países tende a ser baixo.

Táboa 3.

Frecuencia de uso do CV na elaboración do perfil (%)

	Raramente	Ás veces	Frecuentemente	Non responde
Alemaña	4.17	8.33	50.00	37.50
España	4.35	8.70	82.61	4.35
Polonia	14.85	16.22	44.59	24.32
República Checa	17.86	28.57	42.86	10.71

O CV é usado cunha alta frecuencia de forma global en todos os países, destacando, novamente, unha grande porcentaxe de orientadores/as españois (máis do 80%) que afirman usar este recurso.

Táboa 4.

Frecuencia de uso de entrevistas na orientación (%)

	Raramente	Ás veces	Frecuentemente	Non responde
Alemaña	0	25.00	45.83	29.17
España	4.35	13.04	69.57	13.04
Polonia	5.41	9.40	66.22	18.92
República Checa	16.07	19.64	50.00	14.29

No caso do uso de entrevistas, a maior frecuencia sitúase en España e Polonia, aínda que, no resto de países, tamén se pode considerar elevada.

Táboa 5.

Frecuencia de uso de tests na elaboración do perfil (%)

	Raramente	Ás veces	Frecuentemente	Non responde
Alemaña	37.50	12.50	4.17	45.83
España	43.28	30.43	4.35	21.74
Polonia	12.16	33.78	27.03	27.03
República Checa	48.21	16.07	5.36	30.36

En relación ao uso de tests para a elaboración do perfil dos usuarios, as porcentaxes máis elevadas se sitúan en frecuencias intermedias, sendo as porcentaxes máis destacadas as de Polonia e España.

Táboa 6.

Frecuencia de uso de outros recursos na elaboración do perfil (%)

	Raramente	Ás veces	Frecuentemente	Non responde
Alemaña	37.50	12.50	4.17	45.83
España	43.28	30.43	4.35	21.74
Polonia	12.16	33.78	27.03	27.03
República Checa	48.21	16.07	5.36	30.36

Finalmente, nos diferentes países, en grados variados, menciónase o uso doutros recursos diferentes aos anteriores para a elaboración do perfil dos usuarios da orientación.

No ítem 2, sobre os aspectos clave a ter en conta na elaboración do perfil, a análise de contido ofreceu os seguintes resultados para cada un dos países:

- En Alemaña, os aspectos mencionados referíanse ao intercambio e experiencias profesionais, a motivación e intereses, así como as habilidades, o coñecemento de idiomas e as oportunidades no mercado laboral internacional dos usuarios.
- En España, as categorías clave destacadas polos orientadores/as enquisados foron a educación/formación, o traballo/emprego, a información/comunicación, aspectos familiares, as competencias, o dominio de idiomas e os intereses para a mobilidade internacional dos mozos e mozas.
- Os orientadores/as de Polonia sinalaron, principalmente, a importancia daquelas cuestións relacionadas co coñecemento das expectativas dos seus clientes, ademais das relacionadas co coñecemento de aspectos relacionados coa súa educación/formación, as súas experiencias laborais, competencias e dominio de idiomas.
- Por último, os profesionais da orientación enquisados na República Checa, destacan, na súa maioría, procedementos para coñecer as habilidades da mocidade para buscar emprego, ademais de coñecer as súas necesidades de formación, aspectos relacionados co coñecemento do mercado laboral ou o dominio de habilidades como, por exemplo, as informáticas.

A análise das respostas do ítem 3, referido aos principais recursos de información relacionados cos aspectos clave na elaboración do perfil, presentou os seguintes resultados para cada país:

- Os orientadores/as de Alemaña destacaron páxinas web, bases de datos e institucións, ademais dos orientadores EURES, sen esquecer o intercambio de experiencias con outros estudantes/traballadores.
- En España, os orientadores/as enquisados mencionaron as redes EURES e as plataformas de Euro-Orientación, así como os servizos de emprego e outros portais de Internet.
- No caso dos profesionais da orientación de Polonia, a maioría sinalaron ás ferramentas tecnolóxicas como o principal activo para a busca de información, seguidas pola información ofrecida por expertos e institucións.
- Finalmente, os orientadores/as da República Checa destacan os recursos tecnolóxicos en primeiro lugar, seguido de asesores e orientadores, en canto a profesionais, pero tamén sinalan ter en conta a familiares.

No ítem 4, que invitaba a realizar comentarios libres, non se obtivo un amplo número de respostas de entre a totalidade de orientadores/a participantes. En global, pódense destacar afirmacións como as seguintes:

- A importancia que as institucións e organizacións especializadas teñen para obter máis información.
- O papel relevante que xoga o profesional da orientación, que ten que estar presente en todo momento, como complemento a calquera recurso de información utilizada.
- A existencia necesaria da cooperación entre diferentes persoas relevantes, destacando a que se ten que dar entre o orientador/a e as familias dos mozos e mozas.

Conclusiones

Tratándose este dun traballo que avanza resultados da fase inicial do proxecto Guide My W@y!, non pode esperarse a obtención dunhas conclusións plenamente definidas e pechadas, pero si aclaratorias e indicadoras da práctica da orientación para a mobilidade internacional da xuventude. Neste senso, e en relación ao módulo aquí recollido, referido á *metodoloxía para a elaboración do perfil no ámbito da orientación para a mobilidade internacional da xuventude*, pode anticiparse que, aínda coa aparente coincidencia no uso dos recursos enquisados (carta de presentación, CV, entrevistas e tests), existe variabilidade na frecuencia do seu uso na elaboración do citado perfil por parte dos orientadores/as dos diferentes países. O mesmo vén sucedendo cos aspectos clave a ter en conta na elaboración do citado perfil, se ben é verdade que afloran moitas categorías coincidentes, aínda que non na mesma intensidade. Así é o caso de aspectos tales como a importancia de coñecer as motivacións, intereses, expectativas da mocidade usuaria dos servizos de orientación, así como o seu dominio doutras linguas, e cuestións relacionadas coa súa formación e competencias. Estes aspectos resultantes poden servir de referente á hora de definir áreas que axuden a “debuxar” o perfil do usuario, e que realmente sexan relevantes no momento de realizar unha orientación adecuada e personalizada, seguindo o exemplo de servizos de orientación da carreira no contexto internacional, como, por exemplo, My future en Australia (<http://myfuture.edu.au>) ou My Careers Profile no Reino Unido (<http://mycareersprofile.com>). De xeito semellante, sucede en canto aos recursos de información para a elaboración do perfil, aínda que, como era de esperar na actual sociedade das TIC, os profesionais enquisados coinciden en destacar o uso de Internet.

Como conclusión final, cabe dicir que, aínda habendo aspectos coincidentes, anticipase, en xeral, dificultade en unificar as prácticas orientadoras e os seus contidos nun modelo metodolóxico estándar nos países participantes neste proxecto, posiblemente extrapolable ao contexto xeral da Unión Europea, en certa medida explicable polas características do propio perfil profesional dos orientadores/as, a súa formación de base e a idiosincrasia dos servizos de orientación en cada un dos países participantes, situándose a clave en atopar puntos de referencia e necesidades en común, como xa se conviñera en proxectos antecesores (por exemplo no NICE).

Referencias

- Eme, B. (2006). *Sociologie des logiques d'insertion*. París: HDR de Sociologie.
- European Migrant Adviser Toolkit (2013). *A set of tools to help employment advisers to work with migrants*. EMET.
- MEVOC (2006). *Quality Manual for Educational and Vocational Counselling*. <http://mevoc.net>
- Parlamento Europeo y Consejo de la Unión Europea (2006). Recomendación 2006/961/CE de 18 de diciembre de 2006 relativa a la movilidad transnacional en la Comunidad a efectos de educación y formación: Carta Europea de Calidad para la Movilidad, *Diario Oficial de las Comunidades Europeas*, N° 395 do 30 de decembro de 2006.
- Rübner, M. & Sprengard, B. (2011). *Beratungskonzeption der bundesagentur für arbeit – Grundlagen*. Nürnberg: Bundesagentur für arbeit.
- Schiersmann, C., Ertelt, B. J., Katsarov, J., Mulvey, R., Reid, H. & Weber, P. (Eds.) (2012). *NICE Handbook for the Academic training of Career Guidance and Counselling Professionals*. Heidelberg: Heidelberg University.
- Sobrado, L. M., Couce, A. & Vázquez Bargiela, S. (2010) Incidencia do programa Erasmus na inserción e mobilidade profesional (pp. 89-102). En X. Rodríguez Rodríguez, (Coord.): *O Programa Erasmus na construción da cidadanía europea. Unha mirada dende Compostela*. Universidade de Santiago de Compostela: Santiago de Compostela.
- ZAV & HdBA (Eds.) (2010). *Brain Drain-Brain Gain (BD-BG). Qualification Modules for Counsellors. A Leonardo da Vinci Project (Transfer of Innovation)*. Mannheim: University of Applied Labour Studies of the Federal Employment Agency.